

Rama de coñecemento	Xurídico-social
Prazas ofertadas	25
Créditos ECTS totais	60
Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado	14
Presencialidade	Semipresencial
Universidades participantes	Universidade de Vigo

Descrición

O programa formativo do Máster universitario en creación, dirección e innovación na empresa integra dous ámbitos de especialización fondamente relacionados:

- A creación e dirección de empresas
- A xestión da innovación, a tecnoloxía e a calidade

Trátase dun programa de orientación interdisciplinaria e vocación internacional dirixido a persoas procedentes de diferentes disciplinas que desexen adquirir as competencias, actitudes e habilidades necesarias para:

- Mellorar a eficacia directiva e a competitividade das organizacións das que formen parte.
- Crear e dirixir eficazmente novos proxectos empresariais.
- Levar a cabo actividades relacionadas coa xestión da innovación, a tecnoloxía e a calidade en calquera tipo de organización.

O mestrado ten unha duración de 90 créditos ECTS, dos cales 60 son de docencia teórico-práctica e 30 corresponden a prácticas en empresas ou en organizacións de soporte á investigación e á innovación e un traballo de fin de mestrado.

Perfil de ingreso recomendado

O perfil de alumno/a idóneo para realizar este mestrado é o dunha persoa capaz de traballar en equipo e de utilizar as tecnoloxías da información, con habilidades comunicativas, coñecedora dos conceptos e técnicas empregados nas diferentes áreas funcionais da empresa, disposta a identificar e desenvolver iniciativas empresariais, a xestionar e a administrar unha empresa ou institución pública ou privada, e capaz de integrarse en calquera área funcional dunha empresa ou organización.

Son destinatarios/as deste mestrado os titulados/as superiores, preferentemente licenciados/as en Administración e Dirección de Empresas, en Economía, enxeñeiros/as Industriais e enxeñeiros/as en Organización Industrial.

Saídas profesionais

- Desenvolvemento de actividades de xestión da innovación en empresas, clúster, plataformas tecnolóxicas, centros de innovación e tecnolóxicos ou agrupacións empresariais.
- Participación en procesos de desenvolvemento de produtos ou servizos novos.
- Desenvolvemento en programas de dinamización da innovación en organizacións privadas ou administracións públicas.
- Tarefas de xestión en departamentos de I+D.
- Prestación de servizos de I+D+i.
- Posta en funcionamento e xestión de actividades de prestación de servizos tecnolóxicos.
- Implantación de sistemas de xestión da calidade.
- Integración de sistemas de xestión da calidade, xestión medioambiental, de prevención de riscos laborais e de responsabilidade social corporativa.
- Avaliación e autoavaliación da calidade.

Máis información

Coordinadora	Nuria Rodríguez López
Páxina web do mestrado	http://webs.uvigo.es/mastercidie
Páxina web do centro	http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/ourense/empresariais_turismo.html
Código RUCT	4310384
Enlace ao RUCT	https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&codigoTipo=M&CodigoEstudio=4310384&actual=estudios
Teléfono	988 368 889
Enderezo electrónico	mastercidie@uvigo.es